

XURXO DIZ
LINGÜISTA COMPUTACIONAL

«O galego ten moita capacidade de crear palabras»

Moverse á velocidade da lingua é o reto deste lingüista, o impulsor do concurso 'Neoloxismo do ano' en Galicia POR NIEVES NEIRA

VELUTINA', 'micromecenado', 'transfobia', 'Osiño lavador', 'xornalixo', 'eucalip-tización', 'Breoganada', 'bedéfilo', 'zasca'. Estes son só algunhos dos últimos neoloxismos en lingua galega que o lingüista computacional Xurxo Diz puxo a concurso no seu proxecto sobre neoloxismos en Galicia, seguindo o ronsel do Observatori de Neologia da Universitat Pompeu Fabra, onde foi investigador.

Con que criterio se elixen os termos que participan do concurso 'Neoloxismo do ano'?

Tento reparar en tres características: que sexa unha palabra nova ou de pouco uso, que estea vencellada dalgunha forma ao sucedido este ano e que sexa creativa.

Os gañadores nas dúas edicións celebradas foron 'samaín' e 'porcoril'. Outros, como 'xornalixo' ou 'breoganada', quedaron de segundos. Merecían estes postos? Que outros termos destacaríades destas dúas edicións?

Se así se votou, ben votado está: o

pobo é quen máis ordena. A min cústame escoller, cólloles cariño a todas. Con todo, confeso lembrar con agarimo 'osiño lavador' (o que en castelán din 'mapache'), supoño que polo curriño que é o animal. A xente gustou moito dela, eu dábaa por gañadora!

Cales pensa que poderían entrar este ano?

É cedo de máis para dicir, habitualmente non comezo o proceso de selección até outubro, para traballar cunha visión global do ano. Mais se algún dos lectores ten xa algunha proposta prégoille que non dubide en entrar a www.neoloxismo.gal e enviarmos.

Traballou no Observatori de Neologia da Universitat Pompeu Fabra. Teño entendido que alí tamén fan un certame semellante, para propoñer a entrada do termo gañador no dicionario...

Foi a miña inspiración. Alí funciona moi ben, todo o país se implica na votación e mesmo sae na tele e radio. O 'truco' de escoller palabras de fóra do dicionario e propoñer a entrada da gañadora chama moito, dende o segundo ano do concurso eu tamén aplico ese método.

No caso do galego, cales son as posturas dos distintos dicionarios á hora de incorporar neoloxismos?

Os principais dicionarios galegos son o DRAG, da Real Academia Galega, e o Estraviz, coordinado polo profesor Isaac Estraviz. O primeiro anóvase moi amodiño pois, polo seu carácter normativo, recoller unha palabra é para eles 'dala por válida'. Estudan a súa etimoloxía, o seu uso continuo e establecido, a súa coherencia coas outras xa recollidas... e elixen entre as posibles formas de expresar algo a que achan máis axeitada. Por des-

graza, para min, este ritmo non responde á velocidade que unha lingua como o galego precisa. No Estraviz, pola contra, o seu uso actual ou histórico abonda para a entrada, coa única excepción de ser froito da influencia do castelán. Deste xeito, ao se limitaren a un labor máis descriptivo e non tan sancionador, son quen de recoller o duplo de entradas, incluíndo moitas variantes, e facer un continuo esforzo por reflectir a vida moderna e responder ás necesidades dos falantes de hoxe en día. É de salientar que a meirande parte das candidatas ao Neoloxismo do Ano 2017 xa figuraban no Estraviz!

Que acontece, neste sentido, noutras linguas?

Na nosa contorna é habitual ter unha academia cuxo dicionario é restritivo e actualízase devagaríño, así ocorre tamén en francés ou asturiano. Pola contra, o inglés non ten academia autoritativa e os dicionarios de referencia (Oxford, Merriam-Webster, etc.) compiten en seren os máis completos, en troques dos máis esixentes.

Que palabras, baixo o seu punto de vista, deberían ser aprobadas pola RAG ou semella increíble que non estean aínda recollidas?

Eu coído que deberían recollese todas as palabras que teñan uso e, xa se cadra, indicar ao carón as alternativas suxeridas. Con todo, as veces as ausencias débense simplemente a que os dicionarios son traballos sen fin. A min sorprendeume que a RAG non recollese 'brigadista', inda que se entenda que é alguén que está nunha brigada.

Que capacidade ten a lingua galega de crear outras palabras, e que determina esta capacidade?

Moita máis da que se pensa. A



Xurxo Diz. MARIANO CUESTA

Lingua con lupa

Anglicismos

► «Os anglicismos no galego non son especialmente preocupantes, comparados cos castelanismos. De feito, hai estudos que indican que as verbos inglesas entran realmente a través do castelán. Isto é un problema cando esa lingua se converte na única fonte de innovación no galego. Cómpre intentar contrarrestar a súa influencia».

Xénero: desdoblamento, arroba ou pronome neutro?

► «O desdoblamento é longo e impracticable fóra dalgunhas fórmulas, e a arroba non é pronunciabile. Pola contra, o pronome neutro é obvio e fácil de entender e usar. Inda que en casos como 'profesores' non arranxa o tema, e que a súa semellanza co feminino en asturiano ou catalán pode ser confuso, coído que é a mellor solución actual para o galego».

capacidade de creación dunha lingua vén condicionada unicamente polo uso. O latín, que moitos dan por morto, inda ten novidades arreo grazas ao seu uso na igrexa. Se o brasileiro crea máis que o galego, cando a lingua é a mesma, é só porque alí son máis xente a falar que aquí.

A creación de novas palabras é agora máis rápida que antes?

Máis que hai un século, seguro. Hoxe a vida muda máis de preza, social e tecnoloxicamente, e xentes e conceptos de todo o mundo necesitados de nome chegan á nosa porta á velocidade da luz.

De que eidos proveñen a meirande parte dos neoloxismos?

Chaman moito a atención os conceptos tecnolóxicos, porque adoitán vir do inglés e nótanse alleos, mais tamén hai moito volume de neoloxismos do ámbito coloquial, pois duran pouco e son substituídos axiña.

Manifesta sempre o seu interese polas 'lingua(s)' con este plural. Tal vez non sexa posible falar de lingua en singular en ningún caso?

As linguas non se poden entender sen as súas veciñas. Fascinarse por unha delas é facelo tamén por todas.

Os anglicismos en galego non son preocupantes, comparados cos castelanismos»

«O ritmo do dicionario da RAG non responde á velocidade que o galego precisa»